



SECRETARIA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE MAIO DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de maio do dous mil vinte e catro, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Presidente o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, D^a Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, D^a María Luisa Vázquez López e D. Emilio Iván Rodríguez.

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 29 DE ABRIL DO 2024.

Sométese a votación a acta do pleno de 29 de abril do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 24.04.2024 AO 19.05.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.04.2024 e o 19.05.2024.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- BONIFICACIÓN DO 30% NA COTA DO ICIO OBRAS DE REHABILITACIÓN NO CASCO HISTÓRICO

Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Vista solicitude presentada en data 10.04.2024 RE (2024/9207), LOPEZ OTERO XOSE LUIS, 34250645B, actuando en representación de PEREZ PERTEZ JOSE LUIS, 34246558H, presenta solicitude na que expón se solicita bonificación do apartado A) do artigo 7 da ordenanza reguladora do mesmo

Visto informe de data de asina do documento electrónico por a Tesoureira Municipal e o Técnico de rentas.

***Dacordo co** artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.*

No apartado A) establécese unha bonificación do 30% na cota do imposto polas obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación do Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a **data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional** xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras.*

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas

Visto o que antecede propónse ao Pleno da Corporación

PRIMEIRO.- DECLARAR a obra de especial interese ou utilidade municipal por atoparse na delimitación do Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

SEGUNDO.- Conceder unha bonificación do 30%, do imposto sobre construcións, instalacións e obras recollida no artigo 7 a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras a PEREZ PEREZ JOSE LUIS, 34246558H.

Tercero.- Aprobar a liquidación do ICIO por importe de 3.516,31€.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Inteven D. Jaime Germán Vázquez di que van votar afirmativamente, dicir que no último pleno comentou que non chegou unha documentación dicindo que si que lle chegou esa documentación.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

4º.- MUTACIÓN DEMANIAL SUBJETIVA A FAVOR DO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) DE LA FINCA Nº X-27.0312-0158 PARA LA

Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL “PROYECTO DE SUPRESIÓN DE LOS JPASOS A NIVEL DE LOS PPKK 361/620 Y 361/845 DE LA LÍNEA LEÓN – A CORUÑA. T.M. MONFORTE DE LEMOS” (311 m² de expropiación definitiva)

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

ANTECEDENTES

Primero.- En fecha 1 de abril de 2023, se aprueba el proyecto de referencia.

Segundo.- Mediante Resolución de la Dirección General del Sector Ferroviario de fecha 21 de diciembre de 2023, se abre Información Pública correspondiente al expediente de Expropiación Forzosa que se tramita con motivo de las obras del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), en relación con el proyecto de referencia, incluyendo la relación de bienes y derechos afectados con motivo de su ejecución, entre los que se encontraba la finca sin referencia catastral del término municipal de Monforte de Lemos, bajo número de orden en el expediente de expropiación Y-27.0312-0158, y en la que se refleja la afección de 311 m² de expropiación definitiva. La finca tiene la condición de bien de dominio público.

Tercero.- Realizadas las comprobaciones oportunas sobre el terreno, la finca se corresponde con Suelo urbano (aprovechamiento de camino de dominio público).

Cuarto.- En 22.04.2024 (NRE 2024 10137, el Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) solicita la incoación de mutación demanial de la finca identificada con el número Y-27.0312-0158.

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

Primera.- Conforme a lo establecido en los artículos 71 y 72 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Pública, será posible la mutación demanial de los bienes inmuebles de los Ayuntamientos a la Administración General del Estado para destinarlos a un determinado uso o servicio de su competencia (mutación demanial subjetiva), manteniendo el mismo destino de uso o servicio público.

En este caso, la mutación tiene lugar bajo la ejecución del proyecto de “Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 Y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos” con el que se mejora la movilidad y seguridad dentro del término municipal. Se acompañan planos de situación de la actuación y del bien afectado.

Segunda.- La disposición adicional segunda de la Ley 6/2023, de 2 de noviembre, de Patrimonio de la Comunidad autónoma de Galicia, recoge que serán aplicables a las entidades que integran la Administración local del ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia las figuras jurídicas previstas en el capítulo V del Título I (art. 28 a 37).

Según los art. 30 a 34 de la Ley 6/2023, de 2 de noviembre, de Patrimonio de la Comunidad autónoma de Galicia, que se refieren a la Adscripción y mutación demanial a favor de otras administraciones públicas, deberá incorporarse al expediente informe jurídico, informe de intervención y certificado del Inventario de bienes.

Consta certificación emitida por la Secretaría en el que se señala que, en referencia a la finca X-27.0312.0158, el Ayuntamiento no dispone de inventario de caminos municipales, en catastro se



SECRETARIA

encuentran grafiados de la misma forma que las vías urbanas municipales y no consta documento que indique que esos caminos son de titularidad privada.

Existe informe de fecha 14.05.2024 del Departamento de urbanismo sobre la calificación del bien.

Tercera.- En cuanto a la exposición pública, el expediente será resuelto, previa información pública por plazo no inferior a quince días (por analogía del art. 110.1.f) del Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales”, mediante anuncio en el BOP y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Cuarta.- El órgano competente es el Pleno de la corporación, tal y como se precisa en el artículo 50. 14º del Real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales (ROF), siendo necesaria la adopción del acuerdo por mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación (art. 47.2.ñ de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases del régimen local (LBRL))

Quinta.- La mutación demanial subjetiva habrá de formalizarse mediante convenio administrativo entre las Administraciones intervinientes e inscribirse en el Registro de la Propiedad.

Por todo lo anterior, informo que procede:

Primero.- Incoar expediente de mutación demanial subjetiva a favor del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) de la finca siguiente:

- Camino público sin referencia catastral, identificado con el número de orden Y-27.0312-0158 dentro del expediente de expropiaciones para la ejecución de las obras de “Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos”, según los planos adjuntos.

Segundo.- Abrir periodo de información pública, por un plazo de 15 días, con la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Edictos de la corporación”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde que este punto e o seguinte se debateran conxuntamente. Manifiesta que se trata de ceder esas parcelas ao ADIF para levar a supresión de dous pasos a nivel.

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

5º.- MUTACIÓN DEMANIAL SUBJETIVA A FAVOR DO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) DE LA FINCA Nº X-27.0312-0152 PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL “PROYECTO DE SUPRESIÓN DE LOS JPASOS A NIVEL DE LOS PPKK 361/620 Y 361/845 DE LA LÍNEA LEÓN – A CORUÑA. T.M. MONFORTE DE LEMOS” (91 m2 de expropiación definitiva y 64 m2 de ocupación temporal)

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

Primero.- En fecha 1 de abril de 2023, se aprueba el proyecto de referencia.



SECRETARIA

Segundo.- Mediante Resolución de la Dirección General del Sector Ferroviario de fecha 21 de diciembre de 2023, se abre Información Pública correspondiente al expediente de Expropiación Forzosa que se tramita con motivo de las obras del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), en relación con el proyecto de referencia, incluyendo la relación de bienes y derechos afectados con motivo de su ejecución, entre los que se encontraba la finca con referencia catastral 3503211PH2130s0001ea del término municipal de Monforte de Lemos, bajo número de orden en el expediente de expropiación Y-27.0312-0152, y en la que se refleja la afección de 91 m² de expropiación definitiva (además de los 64 m² de ocupación temporal que figuran en el acta de comparecencia de 21.02.2024) La finca tiene la condición de bien de dominio público.

Tercero.- Realizadas las comprobaciones oportunas sobre el terreno, la finca se corresponde con Suelo urbano (aprovechamiento de parque recreativo).

Cuarto.- En 22.04.2024 (NRE 2024 10138, el Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) solicita la incoación de mutación demanial de la finca identificada con el número Y-27.0312-0152.

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

Primera.- Conforme a lo establecido en los artículos 71 y 72 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Pública, será posible la mutación demanial de los bienes inmuebles de los Ayuntamientos a la Administración General del Estado para destinarlos a un determinado uso o servicio de su competencia (mutación demanial subjetiva), manteniendo el mismo destino de uso o servicio público.

En este caso, la mutación tiene lugar bajo la ejecución del proyecto de "Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 Y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos" con el que se mejora la movilidad y seguridad dentro del término municipal. Se acompañan planos de situación de la actuación y del bien afectado.

Segunda.- La disposición adicional segunda de la Ley 6/2023, de 2 de noviembre, de Patrimonio de la Comunidad autónoma de Galicia, recoge que serán aplicables a las entidades que integran la Administración local del ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia las figuras jurídicas previstas en el capítulo V del Título I (art. 28 a 37).

Según los art. 30 a 34 de la Ley 6/2023, de 2 de noviembre, de Patrimonio de la Comunidad autónoma de Galicia, que se refieren a la Adscripción y mutación demanial a favor de otras administraciones públicas, deberá incorporarse al expediente informe jurídico, informe de intervención y certificado del Inventario de bienes.

Consta certificación catastral descriptiva y gráfica de la referencia señalada como 3503211PH2130S0001EA. El Ayuntamiento no dispone de inventario de zonas verdes y parques.

Existe informe de fecha 14.05.2024 del Departamento de urbanismo sobre la calificación del bien.

Tercera.- En cuanto a la exposición pública, el expediente será resuelto, previa información pública por plazo no inferior a quince días (por analogía del art. 110.1.f) del Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales", mediante anuncio en el BOP y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Cuarta.- El órgano competente es el Pleno de la corporación, tal y como se precisa en el artículo 50. 14º del Real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales (ROF), siendo necesaria la adopción del acuerdo por mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación (art. 47.2.ñ de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases del régimen local (LBRL))

Quinta.- La mutación demanial subjetiva habrá de formalizarse mediante convenio administrativo entre las Administraciones intervinientes e inscribirse en el Registro de la Propiedad.

Por todo lo anterior, informo que procede:



SECRETARIA

Primero.- Incoar expediente de mutación demanial subjetiva a favor del Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) de la finca siguiente:

- Camino público sin referencia catastral, identificado con el número de orden Y-27.0312-0152 dentro del expediente de expropiaciones para la ejecución de las obras de "Supresión de los pasos a nivel de los PPKK 361/620 y 361/845 de la línea León – A Coruña. T.M. Monforte de Lemos", según los planos adjuntos.

Segundo.- Abrir periodo de información pública, por un plazo de 15 días, con la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Edictos de la corporación. "

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

6º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS Ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribe a proposta da Alcaldía:

"Examinado informe do Sr. Secretario Xeral, de data 14.05.2024, do tenor literal seguinte:

INFORME SOBRE ACORDO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE Ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Lugo procedeu a creación dun Tribunal específico, no seu ámbito territorial, e asimesmo para calesquera entes dependentes como órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ao amparo do previsto no artigo 46.4 in fine da devandita Lei.

SEGUNDO.- O apartado 4 do artigo 46 LCSP, de carácter básico, respecto ao órgano competente para a resolución do recurso especial, expresa que:

"En todo caso, los Ayuntamientos de los municipios de gran población a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y las Diputaciones Provinciales podrán crear un órgano especializado y funcionalmente independiente que ostentará la competencia para resolver los recursos. Su constitución y funcionamiento y los requisitos que deben reunir sus miembros, su nombramiento, remoción y la duración de su mandato se regirá por lo que establezca la legislación autonómica, o, en su defecto, por lo establecido en el artículo 45 de esta Ley. El Pleno de la Corporación será el competente para acordar su creación y nombrar y remover a sus miembros. El resto de los Ayuntamientos podrán atribuir la competencia para resolver el recurso al órgano creado por la Diputación de la provincia a la que pertenezcan"



SECRETARIA

TERCEIRO.- O regulamento do TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, sinala :

“Disposición adicional primeira.-

Convenios e acordos de adhesión. A Deputación Provincial de Lugo manterá actualizada e fará pública a relación de entidades adheridas, mediante o réxime de convenios ou acordos de adhesión, ao Tribunal. A tal fin aprobarase pola Deputación Provincial de Lugo un modelo de adhesión ao Tribunal.”

Dita previsión, permite a adhesión mediante acordo por parte de outras entidades conferindo a dito órgano a competencia para a resolución de recursos especiais e demais actuacións conferidas ós tribunais administrativos en materia de contratación.

CUARTO.- *Corresponde ó Pleno da Corporación, por maioría absoluta, a competencia para a adoptar o acordo de adhesión deste concello, ó abeiro do disposto no artigo 47.2 h da LRBRL na medida que supón a atribución competencial para a resolución dos recursos nos que o Concello de Monforte actúe cos seus órganos de contratación ó TARCLU.*

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO ó Pleno da Corporación, que adopte os seguintes acordos :

PRIMEIRO.- *Solicitar a adhesión do Concello de Monforte de ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, atribuíndo ó dito órgano a competencia para a resolución dos recursos e demais actuacións que a normativa atribúe os tribunais administrativos en materia de contratación*

SEGUNDO .- *Notificar á Deputación de Lugo o presente acordo.*

TERCEIRO. *Facultar ao Sr. Alcalde, ou en quen este delegue, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles vanse a abster entenden que isto se vai aprobar, xa se verá como queda todo isto ao final que é un tema que o van meter en xuízos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aproveita para pedir desculpas sobre que a documentación si que lles chegou. Di que eles van votar a favor xa que isto non vai costar cartos e algo que sexa un órgano que vai depender a Deputación e adherirse a isto nunca está demáis, ter máis cabezas pensantes que axuden a aclarar calquera tipo de recursos contractuais.

Intervén D^a Kqthernie Varela di que non é preciso a formación deste tribunal di que esta o Tribunal de Galicia realizando estes traballos, sempre vaille custar aos cidadáns dun modo ou doutro. Cren que realmente o que pretende o Sr. Alcalde é ter un tribunal que poida tribunal, por ese motivo a pesar de que entenden que vai adiante esta proposta.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que evidentemente que quedou claro que non vai custar, non vai ten soldo, aquí soamente terán dieta o día que reúnan e o persoal administrativo é o mesmo persoal da Deputación. O que dicía D. Germán parece que vai estar xudicializado, se esto fose así habería que desmontar moitos en España, hai bastantes deputacións que teñen creado este tribunal se o de Lugo



SECRETARIA

non é conforme á lexislación o resto tampouco, xa se verá. E por outra banda, di que non se debate a súa creación aquí o único que se debate é a adhesión, polo tanto non está nada mal ter a posibilidade de acudir a el. Di que eles teñen unha mala experiencia co TACGAL. Non sabe porque nalgúns sitios se tardan moito en resolver, o de controlar devólvelle a pelota, e gasto para o Concello é cero.

Sometido o asunto a votación, aprobábase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo municipal do BNG, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal popular e unha abstención do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

7º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO COLECTIVO DE PERSOAS CON ELA GALEGAS.

O ditame é favorable á proposta con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

O pasado 12 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de todas as forzas políticas representadas no arco parlamentario estatal, admitir a trámite a proposición da Lei ELA. Dita aprobación supón que os lexítimos representantes da soberanía nacional da que emanan os poderes do noso Estado, tal e como recolle o artigo 1.2 da Constitución Española (en adiante CE), asumen como propia a necesidade de que os afectados por esta cruel doenza, os seus familiares e coidadores, sexan amparados, en igualdade de trato co resto de enfermos de calquera patoloxía, coa cobertura sociosanitaria que precisan para poder vivir coa dignidade que merecemos nun Estado que, xa na súa norma fundamental, recolle a obriga dos poderes públicos de garantir un sistema de atención ás persoas con discapacidade (art. 49 da CE); ou na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, cando regula as condicións básicas de promoción de dita autonomía e atención mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas; ou na Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública que, dentro dos seus principios xerais, especifica que as administracións públicas, estarán suxeitas ao principio de equidade, de tal xeito que as políticas, plans e programas que teñan impacto na saúde da poboación promoverán a diminución das desigualdades sociais en saúde, prestando atención específica ás necesidades das persoas con discapacidade.

O 12 de marzo foi, sen ningunha dúbida, un día para o recoñecemento e gratitude polo traballo realizado dende hai tanto tempo polas asociación de afectados e entidades colaboradoras que, coñecedoras de primeira man da dura realidade desta enfermidade, non teñen deixado de loitar arreo para garantir algo tan básico como a vida, dereito sen o cal, o noso estado social, o noso estado de dereito e o noso estado do benestar vense abaixo sen remedio. Como galegos, é un orgullo para



SECRETARIA

todos nós que a asociación AGAELA (Asociación Galega de Afectados pola Esclerose Lateral Amiotrófica, declarada de utilidade pública pola Xunta de Galicia no ano 2023), fora unha das que encabezou esta loita e que estivese representada na xornada de presentación da proposta de lei, levada a cabo no Congreso dos Deputados este pasado 20 de febreiro.

O 12 de marzo tamén foi un día para a renovación da esperanza dos afectados directa ou indirectamente por unha patoloxía neurodexenerativa, sen cura e sen tratamento hospitalario, que fai recaer toda a carga do coidado do enfermo na súa rede persoal de apoio (familia, amigos, coidadores) sen esquecer que a nosa actual configuración social e demográfica, fai que moitos deles carezan incluso dese recurso básico imprescindible para a súa vida.

Dende esa data, dúas proposicións máis foron aprobadas de xeito unánime polo Congreso dos Deputados. Aínda que ditas aprobacións reflicten en si mesmas a concienciación da clase política coa situación dos afectados pola ELA, non poden supoñer unha loita entre as distintas forzas que presentaron cadansúa proposta. Ao contrario, dita concienciación debe implicar que se traballe coordinando esforzos e recollendo de cada proposta o máis axeitado para a defensa dos máis que entendibles intereses do colectivo ao que se dirixirá a norma final.

Desgraciadamente, un enfermo de ELA non só precisa dunha estrutura forte e comprometida de apoio humano, que ten que deixar todo atrás para a atención 24 horas que precisa o afectado, senón que a carga económica que implica a dependencia enerxética, a tipoloxía e duración dos coidados necesarios, os produtos de apoio básicos para a vida diaria, a reforma e adaptación dos fogares para facer fronte a unha realidade tan inesperada como devastadora e inevitable, fan imposible afrontar os custos mínimos non xa para manter unha vida de calidade, senón, simple e desgraciadamente, a vida mesma.

Precisamente por todo o exposto ata o de agora, a xusta reivindicación social non pode volver ser anulada por trámites burocráticos, por deixamento lexislativo ou por establecemento doutras prioridades. Todos os mortos dende a paralización e posterior decaemento da anterior proposición de lei, presentada en novembro de 2021 e aprobada tamén por unanimidade en marzo de 2022, interpélannos de xeito directo. As administracións deben dar resposta de xeito inmediato aos que xa non están con nós e a todos os que día a día incrementan a cruenta lista de novos diagnosticados, persoas que non teñen nin color, nin ideoloxía política.



SECRETARIA

O sistema legislativo español é claro respecto ás competencias sanitarias, e as diversas leis que identifican ditas competencias e as atribúen ben ó Estado Español, ben ás Comunidades Autónomas, non deixan dúbida da importancia que ese eido competencial ten no día a día da nosa veciñanza.

É certo que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non recoñece competencias sanitarias aos concellos, como este de [concello] que me honro en presidir, pero esta corporación entende que os municipios, como as entidades públicas máis achegadas á realidade cotiá da súa poboación, non podemos, non debemos, e non queremos darlle as costas a aqueles que máis precisan do noso compromiso público para superar o seu día a día.

Con esta visión como punto de referencia, este Concello quere empregar a súa voz oficial, que sempre debería ser a súa voz máis humana, para facer chegar unha petición alta e clara ás Cortes Xerais españolas: recae en vostedes un mandato que debe ser entendido coma un privilexio e ser exercido coa eficacia e eficiencia que debe rexer o funcionamento xeral das administracións públicas. O seu privilexio, outorgado por todos os cidadáns españois, é legislar para salvar vidas. Non existe norma, sexa do contido que sexa, que poida ser considerada prioritaria fronte a aquelas que, como esta proposición de lei, buscan unicamente evitar a morte innecesaria e inxusta dos enfermos, o esgotamento dos recursos propios e familiares na súa atención, e a desesperación dos afectados que se senten culpables dos estragos que a súa doenza causa naqueles que están a dar a vida por eles día tras día. Existe algunha causa máis nobre que encabezar a loita contra esta inxustiza? Existe algunha consideración legal, procedemental ou administrativa que non só non apoie esta causa, senón que a sustente e a impulse como condición básica para que o exercicio da política cobre o seu máis verdadeiro, puro e inestimable significado?

Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo:

Por todo isto elévanse ao Pleno, para o seu debate e aprobación, os seguintes ACORDOS:

1. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao poder legislativo estatal para que proceda a tramitación de xeito preferente, urxente e prioritario dunha proposición de lei que recolla as mellores achegas de cada unha das normas aprobadas unanimemente e non esqueza que a garantía dos coidados 24/7 deben constituír a base fundamental da futura lei.

2. O Concello instará por escrito á Xunta de Galicia para que teña en conta as necesidades do colectivo de doentes e familiares á hora de deseñar, implementar e aplicar políticas que poidan incidir na mellora da calidade de vida dos afectados.



SECRETARIA

3. O Concello comprométese a continuar prestando apoio público á reivindicación legal contida nesta declaración institucional, ata o momento en que a norma sexa publicada e entre en vigor.

4. O Concello comprométese, como forma de colaboración directa desta administración local cos afectados pola ELA, a poñer a súa disposición o asesoramento técnico dos Servizos Sociais municipais á hora de tramitar todas aquelas axudas e/ou prestacións establecidas para a mellora da calidade de vida dos enfermos e as súas familias, sexan de ámbito municipal, autonómico, estatal ou europeo, que sexan do Concello de Monforte de Lemos.

O Concello, mediante a aprobación desta moción, invita a todos os municipios galegos a que se unan a esta necesaria reivindicación e amosen publicamente o seu apoio ao colectivo de afectados pola ELA. Os enfermos, as súas familias, as súas asociacións e entidades colaboradoras teñen feito un exercicio exemplar de dignidade, de superación e de valoración da vida: é a hora de que os poderes públicos nos poñamos á súa altura. “

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

8º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE- GRUPO MIXTO PARA O ESTUDO SOBRE NECESIDADE DE MERCAR O EDIFICIO DA ANTIGA GALERÍA SARGADELOS ANEXO Á CASA DA CULTURA.

O ditame é favorable á moción cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Solicitamos ao pleno que se proceda a realizar o estudo apuntado anteriormente, e en caso de que fose necesario para cubrir as necesidades proceder á compra do edificio da antiga Galería Sargadelos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Manuel Luaces manifestando que cren que sería positivo todo o que sexa de dotar de máis servizos e máis espazos, cre que esta moción estase a complementar cunha que trouxo fai pouco o Partido Popular e incluso unha que se aprobou para un museo etnográfico. A compra do edificio é importante xa que a Casa da Cultura ten que medrar para esa zona.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que no pleno de marzo trouxeron unha moción para a modernización da Casa da Cultura. Eles están de acordo que se modernice esa instalación, non soamente para a ampliación da Casa da Cultura, senón tamén de deixar pagar alegres e que estean oficinas municipais.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres di que este equipo de goberno leva máis dun ano negociando a posible compra do edificio para agrégalo á Casa da Cultura. O concello ten que analizar en profundidade as circunstancias desta operación, polo tanto o equipo de Goberno xa está traballando. Van votar en contra para continuar coa xestión que están facendo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que lle da as grazas a todos e a vostedes por estar traballando nel. Para el a primeira noticia que estaban traballando nel. Di que a eles lles parece unha boa opción, pero está encantando que o equipo de goberno leven un ano traballando nel.

Intervén D. Manuel Luaces alegranse que se vai facer, quén se apunte o tanto non é importante.

Intervén D. Ibán Torres di que eles van concluir o que xa iniciaron.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que esperan que este chegue a bon porto, que se merque, di que saben que están traballando por eles e os felicita. Este tema de apuntarse tantos é un pouco infantil pola súa parte Sr. Torres.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede si que sabía que se estaba falando con eses propietarios. Tamén saben a relación que poda ter vostedes con esas persoas. Dicir que non sabe, o sorriso o delata. E por outro lado non se trata de apuntarse tantos. Non van votar a favor dos que están facendo. Por outra banda, o museo etnográfico faille falta un edificio contundente. Dille a D. José Luis que soamente hai un local alugado que é Drogodependencias polo que non axeitado mezclar.

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO PARA CONSTRUCIÓN PISTAS DE VOLEI PRAIA.

O ditame é favorable á moción cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"Que o Concello constrúa varias pistas de Volei Praia permanentes, como mínimo dúas, no lugar que se considere o máis adecuado".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada. Si el di que non o sabía vostede non ter que chamalo mentiroso, vostede ten que crer que el nunca contou ningunha non permite que vostede diga o sabía.

Intervén o Sr. Alclade dicindo que non lle chamou mentiroso a D.Germán di que a el lle chegou información por parte do interesado, di que cre máis a quén llo contou que a vostede, vostede pode facer a proposta que considere, vir aquí dicindo que non sabía que estaban traballando neste tema.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que primeiramente quería facer unha aclaración, di que eles cando están na oposición, entenden que é polo ben de Monforte, neste caso despois durante o debate vérase porque di isto, di que a iniciativa en sí concordan co repaso histórico do voleibol en Monforte, pero nada ten que ver esta exposición de motivos co acordo que logo se trae ao pleno, el estaría de acordo en facer unhas pistas públicas de volei. O custo que ten de construílas hai que valoralo, tamén o mantemento, a limpeza cunhas condicións hixiénicas saudables e isto é complexo. Di que eles non
Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

poden apoiar esta iniciativa porque aínda que todo se pode facer implicaría que o custe é importante ao mellor, como se fai a pista como se fai no cadrado que estivera máis tempo para uso o disfrute. O parque de Cobas sería un sitio fantástico para facer isto.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que dende o seu partido van apoiar a moción de Esperta, xa que teñen moita empatía coa xuventude e co deporte. O custo do mantemento dunhas pistas de volei Praia non é tan grande. Parécelle unha boa proposta porque se poden prácticas outros deportes nestas pistas. O mantemento non é moi costoso debería contemplar a posibilidade de poder cubrilas, incluso poderíase facer algún convenio con algunha sociedade, non comparte con D. Emilio o tema do custo, menos é un deporte que si disfrute moitísima xente de Monforte. Promocionar o deporte ao aire libre debería facer dende todos os Concellos, das zonas de interior non hai pistas de volei Praia salvo na zona de Ourense.

Intervén D. Ibán Torres ao marxe da proposta en sí, ve nas propostas que empeza a ver que un substrato de contradición permanente. Tamén estaban vostedes preocupadísimo cos remanentes, e agora pide pistas de volei Praia. Este Concello dende que está no goberno axuda aos distintos deportes duplicouse as axudas. Di que o equipo de goberno ten moi clara as prioridades en canto ao deporte, a prioridade agora son as piscinas municipais.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que entenden que estean en contra, di que eles non están en contra do pavillón, pero empeza a ter problemas que hai que arranxar. Non están en contra das piscinas, porque de feito entenden que a piscina ten que arranxar, eles foron os que lle dixeron que había auga no pavillón, están encantados que se arranxen os toldos, tarde, porque ao mellor non se puido facer antes. Di que eles non teñen nada que obxectar. Pero igual que o din que o das piscinas, vostedes dirán o que queiran, pero si que é certo eles o que piden son unhas pistas de voleibol inmediatas, e non cando se faga a Praia fluvial. Seguen pensando que hai que baixar o IBI, o que non quita que o resto de cartos eles terían outras prioridades.

Intervén D. Emilio di que trae unha iniciativa que hai que votar e posicionarse. Non vai debater o dos custos, o que dixo nun principio di que eles claro que queren unhas pistas de volei. O vandalismo, o mantemento entra dentro de algo, para evitar esas cousas habería que ter unha persoa encargada, habería que saber valorar para que estean as pistas catro meses.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que non é un deporte caro, segue insistindo que o mantemento non exaxerado, que si sería moitísimo máis costoso as pistas móbiles. Hai que ver outro tema, as pistas de volei Praia, no Cluber Fluvial as pistas de usan oito meses, a zona deportiva máis. Non fala dunha inversión millonaria, unhas pistas cubertas que se puidera dar uso todo o ano.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que é certo que non sería 4 meses, fala do custo da piscina mutiplicado por 12, que veñan dicir aquí que son cartos públicos, máis nada que seguen pensando que sería algo necesario ao mellor cando estea a Praia fluvial igual un pequeno oco para as pistas de volei.

Intervén o Sr. Alcalde di que cando fai un repaso do voleibol en Monforte, el coñece ben ese tema cando se fixo a Copa da Raiña era concelleiro de deportes. Despois di vostede que se tiñan poucas pistas, a vostede gustaríalle que tivera defectos. Defectos non, diga vostedes como se fan a separación de despachos cando fala de moito pladur. E logo é cousa de prioridades. Sexa coherente e pida máis pistas. Son moitos máis de 4.200 a Praia fluvial, e hai moitos máis metros cadrados dos que di vostede, o complexo son 11 hectáreas e media. E logo fala vostede de Praia fluvial da ponte, o único que se está esperando un estudo para modificar o plan hidrolóxico nacional que afecta ao Miño-Sil porque fixeron o primeiro plano no ano 2016, foron a máximos, e agora vese que zonas inundables ou zonas de uso preferente, non son tan amplas, con eses datos é probable que esa zona inundable se reduza. Entón se se consegue con ese estudo que fai a propia Confederación, vaise ver moi beneficiada a ponte que vai permitir o día que este afeita que a ponte vella sexa un monumento resguardado ao tráfico para os disfrute dos monfortinos e os que nos visitan. Vostede sigan salvado o Malecón que eles xa o teñen



SECRETARIA

salvado. Ese Malecón que eles arraxaron agora o queren salvar vostedes. Di que os que son de palabra as cousas fanse e cúmprense. Non sufra porque haberá ponte e haberá praia.

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA CREACIÓN DUNHA AXUDA PARA A CONSERVACIÓN DO VIÑEDO EN SOCALCOS NAS RIBEIRAS DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á moción con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribe a proposta da moción:

“Establecer unha dotación económica anual de 5.000,00 € para incentivar aos viticultores que nas ladeiras do río Sil do noso concello e en parcelas de máis do 35% de pendente media, cultiven viñado en socalcos de muros de pedra”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Interven D. Emilio Ivan Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que vanse abster. Como capital da Ribeira Sacra que en todos os Concellos contribúan en todos os viñedos, pero saben que é unha competencia impropia, a competencia é da Xunta de Galicia, debería ser primerio a Xunta que traballe e entenden que sería mellor para o Concello que non tivese nada que ver.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que reflexión que fixo na anterior iniciativa, serve para esta, durante a pandemia todas as administracións Xunta, Estado, Deputación, Concello tomaron diferentes medidas socioeconómicas derivados da COVID, e cren que neste caso no sector do viño que ten unha referencia na zona comarca como di a exposición de motivos, cren que se deben cando reclamen axudas, botarlles unha man, eles están de acordo, agora ben esta iniciativa con todo o respecto un tanto “populista”, porque primeiramente saben que nas pasadas datas o Consello Regulador tivo unha reunión cos alcaldes que conforman a Ribeira Sacra e tiveron acordo de crear unha comisión de traballo, e porque di iso saber porque 5.000,00 euros e non máis. Tamén hai viñedos en Seoane, Baamorto e tamén sobre os problemas, por non dicir que hai algunhas zonas máis de Monforte que tamén están socalcos, eles entenden que hai que axudalos. Haberá que saír ese tipo de axudas do Consello Regulador.

Intervén D. Ibán Torres di que lle parece importante colaborar co sector, e a quen non. Boa parte da xestión é da Xunta de Galicia. Isto é o que ocorre coa actividade vinícola que non obten da Xunta o que necesita. Estase a falar de parcelas é materialmente imposible a mecanización dos traballos. A Xunta de Galicia carece de axudas específicas. Vostede ven pedir unha cantidade de 5.000 euros, deixando a un lado á Xunta de Galicia que é a que ten a competencia e a capacidade económica. Pidan as cousas onde hai que pedilas, onde hai que xestionalo vostedes non o están pedindo, sexan valentes, deixen de pedir a este Concello.

Intervén D. Emilio Iván Vázquez di que sabe que é competencia de agricultura son da Xunta de Galicia, de feito a Xunta ten unha cantidade de liñas considerables para abordar este problema. O tema de reestructuración vitícola, están de acordo que si que é competencia da consellería, o apoio que debe dar o concello neste momento onde se poida producir un abandono en socalcos que se cultiven en pedra. Pero o Concello se ven a difentes asociacións para outros fins pero este que é moi importante



SECRETARIA

conserva un pouco ese paisaxe dende o mirador do duque que se pode, como fai a outras asociacións, pero isto non suporía tanto para o Concello.

Intervén D. Jaime Germán Va'zquez di que eles entenden se todo o resto de Concellos ten que aportar, non sería de máis, falando das competencias impropias que é algo que este concello acaba de darlle as Gándaras 15.000 euros para arranxar un parque infantil, e acaban de darlle 5.000,00 euros á Fraternal, si que é certo que despois se pediron uns cartos para o Infanta Elena e dixeron que era competencia impropia, non saben como teñen que enfocar as cousas e porque algunhas as aproban e outras non, poderían aclarar para saber mellor como enfocar os temas.

Intervén D. :Emilio José Sánchez di que xa deixaron claro o seu posicionamento, di que isto ben derivado da pandemia, o que hai que falar desas axudas se dan ou non e como se dan, van votar en contra porque non son competencias do concello.

Intervén D. Ibán Torres di vostede que está en risco e pode desaparecer, e o dí'unha persoa que pertence ao Partido e quenes o poden resolver. O que está claro é que a Xunta non está apostando pola Ribeira Sacra. O pasado 23 de marzo a Consellería convocaba as axudas, pero non hai axudas específicas para a viticultura heroica, este tipo de viticultura é un tipo de patrimonio para conservar. Estase a falar de cultivos en pendentes ,o presuposto da conselelría é de 695 millóns de euros, o que se necesita para poñer en valor a Ribeira Sacra é de 6,6 millóns.

Intervén D. Emilio Ivan Vázquez di que é curioso para determinadas asoaiacións si que haxa axudas e para isto que considera que ten unha importancia, non di que vaia solucionalo todo, e esa colaboración parécelle máis loable .

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que eles non lle deron nada a Gándara, o que se fai na Gándara é un arranxo con carácter excepcional dun parque infantil, xa que o tiña que facer a Xunta, os Concellos teñen a obriga de manter. Dixo o alcalde de Pantón en relación con isto na radio que deberían colaborar os Concellos, pero os Concellos non eran os que tiñan os cartos son a Deputación e a Xunta de Galicia. Por dicir outra persoa coa que ten moi boa relación, o Presidente da Deputación de Ourense, falando con el sobre este tema, dicía que aínda a el ten soamente a Ribeira Sacra, lle toca pouco, a Ribeira Sacra, o Ribeiro , a Monterrei e a Valdeorras. A maior colaboración que esta facendo o Concello de Monforte de Lemos estase facendo co festival do viño. Di que a cantos sectores hai que axudar, tamén hai empresas que pechan, que se fai. Vostede cre que ese xesto que fai Sober, hai unha responsabilidade de gastar, que en Sober de 100 euros por hectárea, vostede cre que con 100.000 euros se arranxan os problemas dos viticultores. Na reunión doutro día polo que contou a tenente de alcalde que estivo presente, alí falouse dunha comisión de traballo para reunirse coa Xunta e polo que lle dixeron falaron nesa reunión que a Xunta non ten para isto non ten axuda e non soamente se faloron desta senón de varias liñas de axudas. Di que se vai reunir e posiblemente dende a deputación é probable que haxa algún tipo de axuda, pero moi concreta.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e unha abstención do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

11º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE LEVEN A CABO AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA QUE RIBASALTAS VOLVA A CONSTAR NO REXISTRO DE AUGAS DE BAÑO DA XUNTA DE GALICIA.

O ditame é favorable á moción con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

Transcríbese a proposta da moción:

“Que se leven a cabo as actuacións necesarias para que a zona de baño de Ribasaltas volva a estar no Rexistro de Augas de baño de Galicia e así se leven a cabo os controis necesarios polas administracións competentes para que os veciños de Monforte gocen dunha zona de baño segura”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada, dicindo que é unha moción que se trouxo no ano 2023 no mes de setembro. A volven a traer porque volve facer calor e saben que houbo xente bañándose en Ribasaltas e por outro lado porque sairon publicados o rexistro de augas de baño da Xunta e non consta Ribasaltas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non saben se están facendo algunha labor con respecto a este tema, eles van apoiar isto. Di que eles no 27.06.2022 traían algo parecido instar ao concello que faga unha zona de baño en Monforte, 280 metros de area por 50, 14.000, están de acordo en que se faga iso, pero hai un problema salubridade cos vertidos ao río, e algo sobre o que se está traballando e estanse gastando cartos.

Intervén D. Manuel Luaces di que a súa posición é que sería positivo que se levasen a cabo esas xestións, pero entenderán que é complexo, propon outra zona de baño como Vilanova.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que hai que ter unha actitude de miras nestas cuestións, vostede viñan solicitando unha zona de baño, agora que foi anunciada polo Sr. Alcalde unha Praia fluvial, reclaman a construción de piscinas exteriores, vostedes son coñecedores da construción dunha gran Praia fluvial, é un proxecto que rebasa o umbral do estrictamente municipal. Deberían traer propostas máis constructivas, non é unha cuestión de salubridade, con máis connotacións, cando os monfortinos e monfortinas se podan bañar nesa Praia con toda seguridade se cumpriran todas as normas. Teñan paciencia e nada máis.

Intervén D^a Katherinie Varela cre que as veces é bo que escoite, non dixo nada de piscinas, non se opuxo á construción da Praia fluvial. O que din é que esta zona de baño en Ribasaltas é tradicional, e mentres non chega a Praia fluvial se poden facer eses trámites para que poida ser zona de baño, que ideal sería poder utilizar outras zonas, independentemente do proxecto o queira facer o Sr. Alcalde.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez tampouco escoitaron que Esperta Monforte se negaba a esa obra que queren facer. Di que eles instan a que antes de facer ese macroproxecto, seguen pensando e non ter esa zona de baño, por iso eles pedían unhas piscinas ao aire libre, non todo o mundo opode pagar as piscinas privadas que hai en Monforte. Desde Esperta Monforte non se negan as macroobras que fan.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el nunca dixo que non quería canastras para o Infanta Elena.

Intervén D. Ibán Torres certo que non están en contra da piscina.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a xente pode bañarse onde queira, outra cousa é que estea autorizado, quen lle prohíbe a alguén bañarse, ata de agora bañáronse en Vilanova, outra cousa é que haxa unha zona autorizada pola Administración e con medios. Vostedes fan o contrario do que din. Dille a D. Germán vostede falaba de 4.500 e agora falaba de 14.000, agora recoñece que son tres veces máis, di que a Xunta de Galicia non dixo que non, porque non se solicitou, non se preocupen que cando a pidan seguro que a van autorizar. Antes vostedes pedían unha zona de baño, miren as hemerotecas, o que non poden ser hoxe zona de baño, porque iso vai levar un tempo, primeiro hai que converter eses terreos en terreos dotacionais, e cando estea iso aprobado hai que facer o proxecto constructivo que ten que volver á Xunta, e cando todo iso estea feito e cando hai que licitalas obras.



SECRETARIA

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

12º. -MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG RELATIVA Á SANIDADE.

O ditame é favorable á moción con dous votos a favor do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribe a proposta da moción:

- “1. Instar á Consellería de Sanidade a cubrir as prazas de psiquiatría no menor tempo posible.*
- 2. Dar unha solución de urxencia mentres estas prazas non se cubren , e que os pacientes non teñan que trasladarse a Lugo.*
- 3.- Trasladar este acordo á Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentarios”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que están de acordo con esta moción, non lles vale o que di que está pasando noutros hospitais, non queren vir para Monforte, isto provoca un servizo moi malo para todos os pacientes, pídlle á voceira do PP se ten a ben unha xuntanza co voceiro de Esperta Monforte e conselleiro de Sanidade para incidir que é un atraso para Monforte que estea integrada na area sanitaria de Lugo, hai que loitar todos xuntos para reverter esta situación.

Intervén D^a Katherinie Varela di que pasa en todos os hospitais comarcais, di que van apoiar esta moción. Di que si que trasladan sempre que poden estas necesidades, poñer en valor o esforzo da consellería de Sanidade, é verdade que a de psiquiatría todavía esta sen cubrir. É moi grave, é unha realidade, hai un gran porcentaxe da poboación que padece estes trastornos, ela fai o que solicite, o alcalde é quen debería pedir a reunión co conselleiro de Sanidade.

Intervén D. Ibán Torres comparten con vostede o problema do hospital comarcal. Fai escasos menos que a sanidade pública se atopa nun grave estado, seguen insistindo que mentres que non se ofrezan mellores condicións económicas, ten que ser un plan de carácter xeral de melloras. A Consellería de Sandade non busca solucións para contratar máis especialistas, estamos ante un problema ante unha altísima repercusión, sería necesario o dobre dos existentes, a sobrecarga de traballo dos profesionais dificulta o seguimento destes profesionais sobre os pacientes. Estase ante a maior crise de saúde pública nos últimos 20 anos, todo elo debido a unha malas condicións laborais, a precariedade, os sucesivos recortes do Partido popular son a causa desta deriva, é verdade que hai que recoñecer que se tira para adiante porque hai grandes profesionais, a pesar da mala xestión da Xunta. A saúde mental é un dereito humano universal. Di que van votar a favor a súa moción.

Intervén D. Manuel Luaces alegranse que votan a favor porque entenden que é o normal a situación é evidente. Despois de rematada a oposición de difícil cobertura, a situación vai quedar peor do que se estaba, no caso do radiólogo, xa que hai unha propietaria que está en comisiões de servizos en Lugo, e non hai outro radiólogo de facer outro traballo. No caso de pediatría pasou un pouco do mesmo, había 4 prazas, e agora hai tres, se non fora pola concesión dunha comisión de servizos, no caso do dixestivo incorporouse un máis, o hospital conta con dous especialistas menos e está foi a maravillosa OPO do Sergas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles pedían esta reunión co conselleiro de Sanidad co voceiro de Esperta Monforte. Di que dende o Consello de Saúde non se está facendo nada, esta seguro que van volver a chamar a ese médico, a eles o que lles gustaría que todo isto que se faga, e a eles gustaríales que tivesen a ben pedirlle esa xuntanza para con eles. O resto están de acordo.

Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

Intervén D^a Katherinie Varela di que sempre que sexa unha situación destas características, a pesar de que se seguen pensando que o problema é de especialistas, e necesítase que é un problema de base, independemente que se aproveiten estes temas . A Xunta de Galicia tan catastrófico non pode ser, porque seguen gobernando, o importante esta moción a van apoiar.

Intervén D. Ibán Torres di que gañar as eleccións non é unha patente de curso. É algo moi serio, se volveron a votarlle terán que solucionar o problema. Con respecto do Consello de Saúde que non reuniu, vostede tampouco a pediu.

Intervén D. Manuel Luaces dicir que a gran labor que está facendo a Conselleira, este é un problema de desmantelamento da sanidade pública.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a Sanidade está mal en Galicia o reconece o propio Presidente da Xunta, por iso cambiou de Conselleiro, o que é triste é que hoxe 27, 29 e 31 non hai médico no Caurel, é moi mala noticia e mala xestión da Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación aprobación por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

13º.- MOCIÓN DO BNG PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORIA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI, EN PALAS DE REI.

O ditame é favorable á moción cun voto a favor do concelleiro do grupo Municipal do BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e a ría de Arosa.

2.- Dirixirse á Xunta de Galiza para que se posicione en contra do proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3.- Esixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraían poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arosa.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van votar favorablemente. Poñer riba da mesa outro problema gravísimo que trae sería o tema do eucalipto sería quilómetro certo, sería desexable que non se poña, di que eles trouxeron o tema do eucalipto e votaron en contra, ao mellor chegamos tarde, vai haber moita demanda diso.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que esta moción aos veciños de Monforte pouco lles pode afectar en Monforte hai máis problemas que tratar, fala das roturas das tubaxes e iso si que é un problema, vostede parece que o concelleiro número 11 da Corporación, é unha moción tipo. Dende o partido
Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

popular apoiáse toda a iniciatigva empresarial que cumpra co medio ambiente, que xeneren emprego e riqueza e fixen poboación no rural, se se vota en contra estaríase facendo mal en contra do crecemento e do emrpego. E se a xunta do PP dalle os permisos necesarios é porque cumpren con todos os requisitos, fala de que é unha empresa privada que solicitan os permisos.

O PSOE non se aclara se se apoia ou non. Nesta nova etapa do Sr. Besteiro so lle falta ser presidente da Deputación, que teña coidado sr. Tomé coidado co Sr. Besteiro, este proxecto de Altri creara 2.000 postos de traballo, vai facer unha pregunta aos representantes do PSOE e do BNG, se está empresa elixiara o Concello de Monforte para a súa implantación cos todos os requisitos, vostedes que farían votarían a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que este equipo de goberno quere ser cauto, anuncia a súa abstención, con fins textiles si, pero coa celulosa non. Defenden a implantación da industria no provincia, hai que esixirle á Xunta, claridade, teñe que ver os informes e analízalos. O Presidente da Deputación leva anos pedíndolle á Xunta que faga un plan industrial na provincia de Lugo, industriais si pero respectuosas co medio ambiente.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que el non ten xefa. Di que eles o falan e o traen ao pleno, non lle gusta meterse en temas estrictamente persoais, se aquí na zona de Monforte, hai un gandeiros que están saíndo a flote como poden, se maña lle poñen unha pstería a unha hora de transporte, venden as vacas e poñen eucaliptos. Hai pouco tempo unha reunión de comuneiros para modificar a lei de montes, o modelo que teñen vostedes de política. Fala das intervencións do seu voceiro na Deuptación, e do Sr. Conde no Congreso dos Diputados, este é o modelo que ten o PP, se ven aquí para o polígono industrial xa lle di que non. Non sabe vostede o que di, a empresa cando o anunciou foi 4.000, a auga que gasta no seu taller teñen que reciclala e estes non, alguén pensa que isto cumpre coa normativa, son datos que aparecen cando saíu na exposición pública, que ten 25.000 alegacións. E agora 250.000 millóns que se lle pide ao goberno. O peor que lle puido pasar a este país foi o Partido Popular, así non vai, di que hai unha cousa que se chama conciencia de país, que ao mellor hai que mirar para a barriga se a teñen todos.

Intervén D. José Luis Rodríguez o cambio de solo de uso agrícola a forestal, a lei de montes prohíbe plantar máis eucaliptos, vostede está en contra do progreso, e vostedes estiveron no bipartito gobernando e levaron a Consellería de Gandería e Montes e non o fixeron nada ben.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que dixo antes que non se quería meter en temas persoais, o que queda claro é que vostede estaría encantado de ter a celulosa en Monforte, os bancos de terras os montaron vostedes. Xa sabe que o cambio de uso de terras non está regulado, isto non é estar en contra do progreso, o progreso é vender a terra a unha empresa portuguesa que a botan de Portugal porque non a deixar producir, cando na ría de Arosa rematen con todo marisqueo, o traemos de China.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que todo isto a vostede non o informan ben, ou lle falta información, o que é verdade é que á Xunta de Galicia faltoulle transparencia en todo momento e á empresa tamén, primeiro venderon unha fábrica de fibras textiles en Cervo, se foron para Palas foi porque en Cervo había problemas pola auga, porque a concesión que tiña Alcoa tiña que concederlle a súa concesión. Aconsellados pola Xunta foron para Palas, non quere entrar en se beneficia esa perosa, o que si é certo, se hai tanto problema co río Ulla, poñeronse alí por recomendación de Augas de Galicia porque hai un informe da Xunta, e se fora o Miño ou Sil que é do Estado podería ser moito máis dificultoso para poñerse alí. Nunca se dixo que fora unha celulosa, sempre se falou de fibras, primeiro hai que producir celulosa e logo no seguinte tranfórmase en fibras textiles, non houbo transparencia. Impulsa foi quén trouxo Altri para aquí, polo tanto esta é parte que quere dicir con seriedade, fibra si celulosa non, tamén é certo que a tecnoloxía avanza. Haberá que ver ben o proxecto para iso hai que coñece os informes medioambientais da Xunta de Galicia, eles non están en contra da industria. Que non haxa ningún mínimo plan industrial para Galicia. Dille a D. José Luis díxose a D. Emilio José que é o conceleliro número 11 da Corporación, sería do equipo de goberno. O que si é verdade é que hai un problema de temperatura. Di que el non sabe porque vai ser coñecido, se vostedes fixeron o que levan
Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

facendo eles no saneamento e abastecemento non habería agora estes problemas, eles van seguir traballando nesa liña. E logo preocúpalle a vostede o Sr. Besteiro, di que el está encantando, agora mesmo está no Parlamento, dentro de catro anos xa se verá o que pasa, di que el en cinco anos leva 3 voceiros do PP, e todavía está alí, non abra moito a boca non vaia ser que caia o seguinte.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e once abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista.

14º. PROPOSTA ALCALDÍA DE APOIO AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO.

O ditame é favorable á proposta con oito votos a favor do concelleiros/as do grupo Municipal Socialista, do concelleiro do grupo municipal do BNG e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribe a proposta da alcaldía:

Remitido a este Concello o acordo da reunión mensual da Comisión executiva do Fondo Galego de cooperación e solidariedade, no que, entre outras cuestións, foron abordadas as accións en torno á solidariedade co pobo palestino.

O Concello de Monforte de Lemos é membro do Fondo Galego de Cooperación e solidariedade.

Analizada a moción que presenta o Fondo Galego de Cooperación do seguinte tenor literal:

“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a creación do Estado de Israel en 1948, milleiros de persoas, tanto civís como militares, morreron no conflito polo control do territorio da Palestina histórica e en especial polo réxime de ocupación e colonización ilegal establecida por Israel. Esta política deu lugar a innumerables enfrontamentos que se cobraron a vida de miles de persoas, na súa inmensa maioría de orixe palestina.

O domingo 7 de outubro do 2023, Hamás lanzou un ataque salvaxe contra obxectivos militares e civís israelís que provocou centos de mortos e feridos. Este ataque, que vén precedido por unha escalada constante de tensión e víñimas no conxunto de Palestina, derivou nunha resposta militar criminal por parte do Estado de Israel, con bombardeos indiscriminados en Gaza cun número crecente día a día de vítimas no que é claramente un castigo colectivo á poboación gazatí, algo que prohibe o dereito internacional. Desde que comezase a última agresión de Israel contra Palestina o pasado mes de outubro, estamos a ser testemuñas dun xenocidio en directo. Esta situación, que constitúe un auténtico intento de limpeza étnica da poboación palestina do seu propio territorio, chega tras décadas de ocupación, violencia e desprazamento forzado das palestinas e palestinos que non pode ignorarse.

A Franxa de Gaza é unha das dúas zonas nas quedou dividido o territorio palestino despois das numerosas invasións e usurpacións territoriais por parte de Israel. Gaza converteuse, desde hai moito tempo, nun enorme cárcere ao aire libre na que viven amoreados 2,4 millóns de palestinos e palestinas, dos que hoxe 1,9 millóns son desprazados internos que viven en todo tipo de asentamentos informais ou en infraestruturas civís, como escolas e hospitais, que están a ser atacados polo exército israelí. A situación é de verdadeira emerxencia humanitaria ante o bloqueo á entrada de todo tipo de produtos básicos que impuxo Israel, que provocou que a metade da poboación estea en situación de fame extrema. A destrución de todos os hospitais da Franxa e as limitacións no acceso a combustible e, por tanto, a electricidade, tamén fixeron colapsar o sistema sanitario gazatí.



SECRETARIA

A brutal resposta do Estado Israelí sobre a poboación palestina está xerando miles de mortos civís. A Oficina de Dereitos de Nacións Unidas considera ademais que o asedio de Israel a Gaza e a orde de evacuación «non poden considerarse como evacuación temporal legal» e por tanto equivalerían a un traslado forzoso de civís en violación do dereito internacional.

Tal e como afirma a UNRWA (Axencia de Nacións Unidas para a poboación refuxiada de Palestina), o nivel de destrución que se está vivindo en Gaza non ten precedentes. Trátase dunha traxedia humanitaria de extraordinaria magnitude. Nacións Unidas descríbeo como unha “catástrofe humanitaria de proporcións épicas”.

Para que haxa paz na rexión é imprescindible unha solución xusta, aliñada co dereito internacional e os dereitos humanos. A comunidade internacional ten que garantir o cumprimento por parte de Israel das distintas resolucións sobre territorios ocupados que leva incumprindo sistematicamente, garantir o dereito de Palestina a ser un Estado soberano e independente e pór en marcha de inmediato un proceso de paz que garanta o final do conflito armado.

Por último, os gobernos locais deben asumir un rol importante no ámbito das relacións internacionais e a cooperación para converterse en actores de paz e facer da diplomacia de cidades unha ferramenta útil para facer fronte aos conflitos como o de Oriente Próximo. “

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO ó Pleno da Corporación, que adopte os seguintes acordos :

1. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos condena firmemente os ataques terroristas xerados pola ofensiva de Hamás contra Israel e a declaración de guerra do Estado de Israel contra a Faixa de Gaza, que está a causar miles de mortes e feridos, especialmente entre a poboación civil, e unha catástrofe humanitaria sen precedentes que aumenta cada hora que pasa.

2. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta ao Estado de Israel a que poña fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos sobre territorios palestinos e á retirada de tropas israelís dos territorios palestinos que actualmente ocupan.

3. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta a Hamás e outros grupos armados a acabar cos seus ataques deliberados contra civís, co lanzamento indiscriminado de explosivos, cos homicidios deliberados e coa toma de reféns. Neste senso, o Pleno esixe a liberación das persoas tomadas como reféns de xeito inmediato.

4. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos esixe ao Estado de Israel a supresión do corte de subministro de alimentos e produtos básicos imposta á poboación civil palestina, por vulnerar o dereito internacional, e a que permita que a axuda humanitaria chegue á poboación vítima desta barbarie en condicións adecuadas.

5. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos amosa a súa solidariedade e apoio á poboación palestina, tanto residentes en Palestinna como no exilio, que sofren as consecuencias desta guerra de ocupación exercida por Israel desde hai 75 anos.

6. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos considera que unha paz xusta e duradeira esixe acabar coa ocupación dos territorios palestinos por parte de Israel e reconece o dereito á autodeterminación do pobo palestino, observando o dereito Internacional e as resolucións da ONU.

7. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta ao Goberno de España a sumarse e prestar o seu apoio á demanda interposta por Sudáfrica contra Israel ante a Corte Internacional de Xustiza polo delito de apartheid, e esixa o cumprimento das medidas cautelares que obrigan a Israel a deter o xenocidio da poboación palestina.

Acta pleno ordinario 27.05.2024



SECRETARIA

8. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta o Goberno de España e á Unión Europea ao recoñecemento do Estado de Palestina, así como a unir esforzos para deter esta espiral de violencia, evitar a súa expansión e lograr canto antes unha paz duradeira e efectiva e unha solución definitiva a este conflito baseada nas resolucións da ONU.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces di que dende a súa agrupación son solidarios, levan dende o 7 de outubro apoiando as asociacións nas concentracións semanais que se fan simultaneamente en 30 localidades de todo o país, alegránselle de que traía esta moción para non deixar de falar de Palestina. Di que queren parar o xenocidio do pobo palestino pero tamén queren terminar cos ataques e co terror xeonista que dura xa décadas.

Intervén D^a Katheriniie Varela di que existen moitos conflitos bélicos, fala de Sudan, Siria pero non sabe que como consegue Palestina concenciar tanto á esquerda deste país, di que iso non xustifica as accións que fai o estado israelí, di que os seis primeiros puntos son asumibles que se poden compartir e sumar, no punto 7 e 8 parécelle que é un erro, debería ser unha resposta da Unión Europea. Condenan a violencia tanto que se inicie polos grupos terroristas, pero eses dous puntos non os poden compartir, vanse abster.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto o mando o Fondo Galego de Cooperación, rexeitan contundentemente os atentados de Hamas, pero respectando o derieto de Israel a defender, o que non admisibles son as matanzas dos civís palestinos e o que resulta aberrante e ver a nenos e nenas nesas condicións, é inadmisibile. A Palestina teñen recoñecida non sabe porque se cumpren outras resolucións de Nacións Unidas e non se cumpren estas. Estase a falar de cousas serias, non é unha iniciativa do Alcalde nin do partido socialista e do Fondo Galego de Solidariedade que se propuxo traer ao pleno, cando se fala de vidas humanas e non aceptar que sigan morrendo nenos indefensos, mulleres, iso é inhumano, mire como se mire, e iso é polo motivo que se trouxo ao pleno e o presentaron.

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura a unha manifestación do Sr. Rajoy, di que non é un conflito bélico é un xenocidio.

Intervén D^a Katherinie Varela di que Israel historicamente ten os seus dereitos, non é fácil recoñecer dous estados, non é tan fácil delimitalo, aquí como ben dixo vostedes, aquí hai dúas culutrais que chocan e que están pelexando por un territorio, di que eles condenan tanto as matanzas do estado de Israel e de Hamás.

Intervén o Sr. Alcalde di que se equivoca porque os nativos de alí falan do río ao mar.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular.

Procédese a votación da urxencia da inclusión do seguinte no punto no pleno, resultando aprobado por maioría, con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

ASUNTOS DE URXENCIA



SECRETARIA

15º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I, ANUALIDADES, DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓN DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024.

Vista a acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024, do seguinte tenor literal:

“Acta da primeira reunión da comisión de seguimento do Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024.

Asistentes:

. Confederación Hidrográfica del Miño-Sil : Joaquín José López Sánchez, Director Técnico Adjunto de la CHMS.

Ayuntamiento de Mofnorte de Lemos: José Tomé Roca, Alcalde Monforte de Lemos

Con fecha 28 de junio de 2023 se reúnen por videoconferencia los asistentes, dándose inicio a la reunión a las 9:30 horas.

El representante de la CHMS expone que, debido a la necesidad de tramitar la expropiación de los terrenos necesarios para ejecutar las obras, gestiones que ocuparán buena parte del año 2023, se hace imposible agotar la anualidad económica prevista para ese año en el Convenio suscrito al efecto. Propone por ello modificar dichas anualidades de la siguiente forma, destacando que estos cambios no alteran el volumen de inversión total ni las anualidades a disponer por el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

	2023	2024	2025	2026	Total
CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	316.500,00 €	286.943,80 €		690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.500.000,00 €	2.200.000,00 €	812.958,65 €	4.600.000,00 €

El representante del Ayuntamiento de Monforte de Lemos responde que no hay inconveniente a proceder con el reajuste de las aportaciones de la CHMS tal como se indica siempre y cuando la aportación del Ayuntamiento en los años 2024, 2025 y 2026 se reparta de forma igual entre dichos tres años, según el siguiente detalle, comprometiéndose por su parte a aprobar el reajuste en un plazo máximo de cuatro días hábiles.

	2023	2024	2025	2026	Total
CHMS	485,15 €	1.183.500,00 €	1.913.056,20 €	812.958,65 €	3.910.000,00 €
Ayto Monforte	86.556,20 €	201.147,93 €	201.147,94 €	204.147,94 €	690.000,00 €
Total	87.041,35 €	1.384.647,93 €	2.114.204,13 €	1.014.106,59 €	4.600.000,00 €

Se acuerda por lo tanto elevar la propuesta recogida en el cuadro anterior , a la que dan conformidad ambos asistentes a la reunión. “

SECRETARIA

Na citación da Comisión de Seguimento o Concello comprométese a aprobar o reaxuste nun prazo máximo de catro días hábiles con base no disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Con data 15.05.2024 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil remite borrador de adenda modificativa do convenio para reaxuste de anualidades no convenio de actuacións para mellora do saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo do seguinte xeito:

Anexo I Modificación de anualidades

ADMINISTRACION	2023	2024	2025	2026	TOTAL
CHMS, O.A	73.985,15 €	386.252,54 €	1.797.073,51 €	1.744.620,01 €	4.001.931,21 €
AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS	13.056,20 €	68.162,21 €	317.130,62 €	307.874,12 €	706.223,15 €
TOTAL	87.041,35 €	454.414,75 €	2.114.204,13 €	2.052.494,13 €	4.708.154,36 €

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades das aportacións propostas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil no Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das actuacións de saneamento e depuración do polígono industrial do Reboredo, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo), PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBE29UR2024 do seguinte xeito:

Anexo I Modificación de anualidades

ADMINISTRACION	2023	2024	2025	2026	TOTAL
CHMS, O.A	73.985,15 €	386.252,54 €	1.797.073,51 €	1.744.620,01 €	4.001.931,21 €
AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS	13.056,20 €	68.162,21 €	317.130,62 €	307.874,12 €	706.223,15 €
TOTAL	87.041,35 €	454.414,75 €	2.114.204,13 €	2.052.494,13 €	4.708.154,36 €

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

16º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (25.04.2024 e 07.05.2024).
A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta

SECRETARIA

especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

17º.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 1º TRIMESTRE 2024.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2024, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

18º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2024

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2023, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,59 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2024.

19º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta do Partido Popular sobre os toldos do campo da Pinguela, cómo se atopan os trámites para o seu arranxo.

Respòsta o Sr. Alcalde que se están facendo os trámites, estase miran do que empresas fan eses toldos.

Pregunta do Partido Popular porque na paxina do concello non aparece a foto de toda a Corporación.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se actualizará a foto de todos.

Pregunta de Esperta Monforte que cantas persoas formaban parte do tribunal de selección e cando lle ían dar a memoria valorada da piscina.

Resposta ao Sr. Alcalde que a memoria valorada da piscina enviouselle dúas veces e vostede non abriu a notificación.

Houbo unha comida de dous tribunais, dun peón de obras para remudar a unha persoa que se xubilaba anticipadamente e outra praza de remudista, e polo tanto había 12 persoas do tribunal e tres persoas do equipo de goberno.

Rogos do PP

- 1. Rogo sobre a precipitación se produza un encharcamento na entrada do cemiterio. Solicitan que tomen medidas para o mencionado embalsamento de auga.**
- 2. Estado de conservación e da sinalización da rede viaria titularidade do concello. Solicitan reposición de espellos e arranxo dos viais que sexan de titularidade do concello.**

SECRETARIA

Resposta o Sr. Alcalde dicindoque o espello non é do concello, ten que dirixirse ao Ministerio de transportes en relación cos camiños, non se preocupan que eles arranxan os camiños rurais mellor que nunca. En relación co tema do cemiterio, resulta que el saiba quén sinalizou e quen arranxou foi este equipo de goberno.

Preguntas do PP

- 1. Solicitou o Concello ás axudas da Consellería de Industria liña IN519D e IN519B**
- 2. Despois de coñecer que finalmente non se arranxará o problema de saneamento existente no colector da Compañía cos fondos comprometidos CHMS ¿ten algún plan para solucionar este problema tan grave?**

Resposta o Sr. Alcalde o reforzo da extensión de redes de extensión eléctrica non lle corresponde ao Concello, porque o Concello ten a responsabilidade viaria e a luz pública e se arranxou toda.

En relación coa pregunta da Confederación Hidrográfica menos mal que se conseguen fondos con outros administracións e non coa Xunta que non a da. A Confederación Hidrográfica nas obras que está facendo en Monforte ten como director de obra moi ligada ao Partido Popular, esa persoa dixo que como non se podía facer piorque hai un problema serio no Morín, se se quita ese auga, polo tanto se fixo esa recomendación, arranxando o problema do Morín estase arraxando o problema da Compañía.

Rogos do BNG

- 1. Regular o tráfico de autobuses no monte de San Vicente.**
- 2. Gala do deporte que se teñan en conta as persoas con discapacidade, que haxa un apartado.**

Resposta o Sr. Alcalde

Pregunta de Esperta Monforte

- 1. Que vai facer como eequipo de goberno sabendo que van quitar o adoquinado na praza da Estación.**
- 2. Situación actual das acción que o equipo de goberno levou a cabo con respecto a finalización da conexión entre o Porto Seco e a N-120.**

Resposta o Sr. Alcalde di que xa fai tempo que se consegue con ADIF que se arranxara a Praza da Estación, senón tamén o conxunto da Praza, e esa praza non é de titularidade municipal, senón que arranxaran a beirarrúa que é dos edificios, dende drogodependencias ata o Hostal Riosol, tamén a entrada polos dous lados da fonte.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que teñen feito de todo o que ten que facer agora é a Xunta porque ese acceso é cousa da Xunta, o Estado non ten que facer xestión ningunha, lle deu as indicacións para poder conectarse. Hai pouco non se puido xustificar o PEIM do ano



SECRETARIA

pasado, porque se nos pasou pedirle permiso á Xunta, igual que a Xunta pon condicionantes ao Concello, o Estado di cales son as condicións apra poderse conectar a unha vía estatal, ou pasar por riba dun canal de rego. Espera que a nova conselleira teña máis sentidiño. A responsabilidade é única e exclusivamente da Xunta de Galicia.

Rogos de Esperta Monforte

1. Que teñan a ben volver revisar os vertidos a alcantarilla do camiño de Vilanova
2. Que teñen pensando facer coa vivenda rúa Conde.

Resposta o Sr. Alcade dicindo que non hai ningún verquido.

Resposta o Sr. Alcalde cando hai algún risco de caída a rúa dalgún elemento a rúa , co informe preceptivo se fai unha orde de execución que el saiba non hai risco de caída a rúa dese edificio.

Remata a sesión ás once horas e sete minutos do mesmo día, do que eu Secretario dou fe.

Vº e pce.

O ALCLADE